

Bloque

Cerceda

Número 1. Epoca 1ª / Novembro 2007

“ Dende o BNG seguiremos denunciando estas situacións sexa quen sexa o que incumpra a lei ”

Envío Postal sen Enderezo

O BNG esixe solucións aos problemas existentes no entorno da mina

O inminente peche da mina de lignito que a empresa Fenosa explotou durante os últimos 30 anos nas parroquias de Encrobas e Meirama suporá **cambios substanciais na zona afectada**. Estes cambios deberían provocar un control permanente, mais semella que unha vez máis a empresa fará e desfará ás súas anchas diante dun **gobierno que comunga con todo**, aínda que en moitas ocasións isto sexa difícil de explicar se non é pensando en intereses persoais inconfesábeis. Exemplos de que isto é así tivemos durante 30 anos a centos e seguen na actualidade:

- O **estado das pistas que rodean a mina segue sendo deplorábel**: tanto na zona do Pumariño, na baixada da Enfesta, no acceso desde o Arroio por Lucín e Angueiro, na Brea ou no acceso desde Pontoxo a Xalo, a **situación de falta de seguridade vial é continua** e incomprensíbel a pasividade do goberno local

- O pasado 17 de agosto LIMEISA presentou **solicitude de uso das augas do Barcés para o enchido** e, unha vez máis, o noso concello non ten nada que alegar nin informar ás veciñas e veciños sobre o que alí pasará en breve. **O BNG de Cerceda**



- **presentou alegacións no sentido de garantir a calidade das augas**, cuestión esta que a propia Limeisa non asegura no proxecto presentado; no de garantir o uso público duns terreos que foron expropiados co fin da explotación mineira, e que o cambio do seu uso non cremos que se poida producir sen garantir esta cuestión.

- O **castro existente no Coto de Guichar** e integrante do noso patrimonio local, atópase cercado por un valado que LIMEISA colocou recentemente, e deteriorado pola actividade mineira sen que desde o concello se

tomen medidas para denunciar esta situación.

- **As veciñas e veciños das Encrobas conviven con fendas nas casas**, illamento e falta de servizos, po de carbón no ar, na terra e nos acuíferos, choiva aceda, choiva de folerpas que saen da cheminea da central térmica de xeito continuado...e diante de todos estes atopelos aínda é hoxe o día que **desde o concello non se ten tomado unha soa medida para obrigar a cumprir a legalidade a Fenosa**.

- **A discriminación de todo o persoal que leva traballando na mina a través de empresas auxiliares** e que non ven recoñecidos os seus dereitos en igualdade de condicións dos seus compañeiros que o fixeron en Limeisa é unha cuestión máis incomprensíbel neste final de actividade mineira

Desde o BNG de Cerceda continuaremos denunciando estas situacións e non escatimaremos esforzos para que se faga xustiza sexa quen sexa a parte que incumpra a lei.

opinión

Iniciamos con este número unha nova andaina no noso boletín, a canle para achegarvos a información sobre o noso traballo.

Aquí daremos cumprida información do noso traballo no concello e das propostas e iniciativas que levaremos a cabo.

Gostaríamos de recibir as vosas suxestións e propostas.

Queremos que nos fagades chegar que concello queredes.



bng.cerceda@gmail.com
Edita: BNG Cerceda

Cerceda, no plan piloto do Banco de Terras

Cerceda como concello integrante da **comarca de Ordes, comarca piloto do proxecto do Banco de Terras**, será un dos lugares nos que a Consellaría de Medio Rural fará un traballo máis intenso no relativo ás labores formativas, informativas e de promoción do BANTEGAL a partir de novembro.

Que é o Banco de Terras?

Un **banco público**, onde calquera persoa pode inscribir (de xeito voluntario) as súas leiras, para permitir que sexan arrendadas por **periodos máximos de 5 anos**.

Un banco público, onde aquelas **persoas que se dediquen á agricultura poidan arrendar leiras**, sabendo en

todo momento cales están dispoñíbeis, a que prezo e en que condicións. Un banco público cuns **prezos de referencia** que resulten interesantes para propietarios/as e agricultores/as, **fixados e actualizados cada ano** pola Xunta de Galiza.

Un banco público que lle **garanta ao propietario/a o cobro da renda** de aluguer e a **devolución da finca** nas mesmas condicións de uso cando remate o período de arrendamento.

Co proxecto do Banco de Terras o **BNG fai unha aposta decisiva pola vida no Medio Rural** xerando riqueza e facendo produtivas as terras abandonadas.

“ Calquera persoa pode inscribir de xeito voluntario as súas fincas no Banco de Terras ”



Alfredo Suárez Canal, conselleiro de Medio Rural

A pista de aeromodelismo carece de licencia



Vimos de **denunciar diante da Consellaría de Política Territorial** a situación de ilegalidade urbanística da **pista de aeromodelismo nas Seixas, en Rodís**. A obra, feita en terreo rústico, non conta **nin co proxecto nin coas autorizacións** necesarias. No pleno do 20 de setembro, **o alcalde**, en resposta a unha pregunta que formulamos, **afirmou que a realización desta obra** con tanta prisa e sen cumprir a lei, viña motivada "por unha situación de **urxencia**

e **emergencia**". Non actuou coa mesma celeridade cando se lle propuxeron unhas instalacións para **as nenas e nenos da Atlética A Silva**, que aínda a día de hoxe agardan por elas.

É impresentábel que **dende o Concello, non se respecten as leis** e se nos presente esta actuación como de necesidade urxente, cando **non existe en Cerceda demanda** para este tipo de actividade, e si uns **servizos básicos deficientes**.

O concello segue sen Noitebús e cun transporte escolar deficiente

Unha vez máis, nos plenos quedou en evidencia a **inexistencia de propostas axeitadas por parte do goberno local en materia de Mocidade e Educación**, polos escasos recursos económicos que destina a elas, tal e como ven dicindo o BNG ano tras ano. Así, **o goberno local non solicitou a subvención da Xunta destinada a implantar o Noitebús** no concello para establecer unha liña de bus a un módico prezo para mozos e mozas ás zonas de movida nocturna e que así estes **poidan deixar os coches na casa** e ao mesmo tempo **reducir o risco de sinistros na estrada**. Aínda que desde o BNG sabemos que ao

PSOE "se lle pasou" pedila, **o Alcalde xustifícase** dicindo que **non había partida orzamentaria** para sufragar



o custo, pero **si fai modificacións de crédito ou dos orzamentos para os seus caprichos**. **Este mesmo goberno**, nas raquícticas

axudas que concede para transporte escolar, **segue discriminando a@s mox@s** que rematada a ESO queren seguir estudando modalidades de FP ou Bacharelato que non hai en Ordes ou Carballo. **Desde o BNG non entendemos esta limitación** que provoca prexuízos a familias de poucos recursos económicos se **@s seus fill@s non estudan nesas localidades**. Para o Alcalde sempre hai problemas de cartos para as axudas, pero **para o BNG é un problema de mala xestión**. Ademais segundo afirma, "o 90% dos mox@s van estudar a Ordes e Carballo", **suporía acaso a ruína económica para o Concello poder axudar ao 10% restante? Nós dicimos que NON**.

A mala calidade da auga da traída continúa sen solución en Cerceda



O comezo dunha nova lexislatura con maioría absoluta socialista **non trouxo até o momento a solución aos continuados problemas de mala calidade na auga da traída municipal.**

Un verán máis, e xa non son 2 nin 3, o servizo de auga da traída foi pésimmo: **auga sucia, quente...** foi o día a día das veciñas e veciños que dependen do servizo municipal de augas para o seu abastecemento

diario. Se xa ao longo do ano o servizo non se recibe en estado óptimo, nin moito menos, **a chegada do verán e da posta en funcionamento do parque acuático fai que esta non sexa válida para ningún dos seus usos que este servizo debe cubrir.** E esta situación repetíuse día tras día, variando unicamente a hora do día no que a calidade da auga foi peor, aínda sen ser óptima en ningún momento.

O BNG levou de novo ao pleno do pasado día 20 de setembro este preocupante problema e só obtivo unha novidade respecto de ocasións anteriores. **Agora o alcalde reconece que o problema da mala calidade da auga é real,** non como en outras ocasións nas que ten asegurado que "solo os do bloque teñen problemas coa auga". Por fin parece que o alcalde xa

soubo que os problemas coa auga non os temos so as persoas do BNG.

Pero a pesar disto o problema persiste e non parece que ao partido socialista de Cerceda lle preocupe en exceso; pois, fronte á présa coa que se acometen outras obras, as necesarias para solucionar algo que **afecta ao día a día da cidadanía que paga o seu recibo** de auga cada tres

“ **O alcalde reconece ao fin que non só os do Bloque teñen problemas coa auga da traída** ”

meses **sen recibir a cambio a auga en condicións** non están aínda postas a andar. **Desde o BNG consideramos esta situación insostíbel** e seguiremos insistindo na **urxencia da súa pronta solución.**

O BNG demanda maior control e seguridade nas obras do AVE

Tal e como denunciou o BNG as obras do AVE no noso concello, están causándonos **problemas, molestias e mesmo desgustos** e no seu remate, moi pouco proveito poderemos sacarlle a esta infraestrutura.

Día a día as mulleres e os homes do noso concello e nomeadamente os que viven en Rego da Iña e na parroquia de Meirama **conviven con continuos pasos de camións** que teñen **arruinadas totalmente as pricipias**

vías de acceso ás súas aldeas, con **tremendas cargas explosivas** que desacougan as súas vidas e os seus sonos etc. Gravísimos problemas que están a empeorar a súa calidade de vida.

Ao tempo **é preocupante a falta de seguridade coa que traballan os operarios na súa construción,** ao noso modo de ver as obras públicas deberían ser exemplo do cumprimento estrito da lexislación en materia de seguridade laboral, máis a alta sinistralidade rexistrada nos tramos desta obra ao seu paso polo noso concello, indica todo o contrario. As subcontratas que traballan nesta obra son o paradigma da inexistencia de medias de seguridade polo que entendemos que **desde a Administración debería actuar con contundencia para erradicar a sinistralidade.**

Porén, á par que as obras do AVE van rematando, **asistimos ao progresivo dismantelamento das liñas de transporte de viaxeiros de RENFE dos mal chamados "trens de cercanías"** sen que se teñen previsto **sistemas alternativos** e sen que **desde o goberno local se teña pulado polo establecemento dun sistema de transporte colectivo** que beneficie a toda a poboación.



A Contracapa

Un grupo municipal ao servizo das veciñas e veciños de Cerceda

Desde o **BNG de Cerceda** queremos agradecer a todas as persoas que tomastes a decisión reflexiva, libre e persoal de **volarnos nas pasadas eleccións municipais** o feito de ter **confiado en nós**, e por suposto o noso respecto por todas aquelas que libremente tomastes calquera outra opción de voto.

Queremos neste momento renovar o noso compromiso con todas as persoas de Cerceda. O compromiso de traballarmos durante os próximos catro anos para que **os dereitos e deberes de todas as persoas deste noso concello sexan iguais**, para que a xustiza impere por enriba dos intereses persoais e para que **todas as persoas** que aquí vivimos **nos sintamos orgullosas do noso concello**, saibamos dos seus valores e xuntas gocemos del e dunha mellor calidade de vida, sendo conscientes entre todas da nosa parte de responsabilidade en acadarmos este obxectivo, tanto nas nosas decisións persoais como da nosa obriga de **esixir das administracións competentes aquilo que sexa de xustiza colectiva.**

“ **Renovamos o noso compromiso de traballar arreo pola xente** ”

Desde o **BNG non podemos deixar de lembrarnos** que o noso traballo en **Cerceda sempre está enmarcado nun país, Galiza, que queremos avance no orgullo do seu e na súa capacidade** para relacionarse en pé de igualdade co resto do mundo.

Por último queremos incidir na **dispoñibilidade de toda a**



Emi Candal, Rocío da Igrexa e Antón Amor compoñen o grupo municipal do BNG de Cerceda

Asemblea Local do BNG e nomeadamente a das concelleiras e concelleiro que polo Bloque Nacionalista Galego formarán parte da corporación municipal durante os vindeiros 4 anos para **escoitarmos as vosas suxestións, consultas ou calquera cuestión que desexedes facernos.** Para iso estaremos ao voso dispor sempre que o precisedes.

100 días de goberno

Logo dos cen primeiros días coa nova corporación **todo segue igual.** O único que mudou é que **agora somos tres persoas que representamos ao BNG** o que supuxo un **aumento no número de propostas.** Ademais formamos parte de varias comisións polo que o traballo de control sobre o goberno vai ser máis intenso. Tamén é de destacar que **non somos meros figurantes** como os membros do grupo de goberno e que temos voz, polo que **participamos activamente** no desenvolvemento dos plenos intervindo na presentación dos rogos e preguntas.

Así é, **o BNG segue a marcar o ritmo** sendo a única forza de oposición. A pesares da autocritica que o **Alcalde** fixo na sesión de investidura, **segue a ter as mesmas actitudes que viña mantendo: soberbia, prepotencia, desprezo** do traballo que facemos non aprobando ningunha moción e ignorando as nosas propostas, e falta de respecto e educación ao dirixirse a nós.

Plenos ordinarios

Lembrámosvos que os plenos ordinarios celébranse os terceiros xoves de mes nos meses impares, e que son abertos, polo que se o desexades podeades acudir ao salón de plenos para velos en directo.

O vindeiro será o xoves **15 de novembro..**

Como contactar co BNG de Cerceda:

Tlf: 981.685.155

Correo: bng.cerceda@gmail.com

www.rociodaigrexaprego-bng.org

